

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quen poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en frauta de verde olivo.
Quen poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quen poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quen poidera namorala,
meu amigo!

Álvaro Cunqueiro: *Cantiga nova que se chama riveira*
(1933)

CONTRABANDO DE AMIGO

Sentada estou na illa de San Simón
esperando, meu amigo, aí, que volvas do Gran Sol
e pola ponte de Rande van e veñen sen parar
moitos coches, meu amigo, que non veñen do Gran Sol
Pero ti non chegas do Gran Sol
e tamén marchou o sol
cae a noite sobre a ría
contrabando sobre o sol
contrabando contra o amor
Mentiches meu amigo, mentiches meu amor
mentira meu amigo, ti non fuches ao Gran Sol
contrabando de tabaco e de drogas de drogar
amor de batea o que ti me queres dar
Sentada estaba eu na illa de San Simón
esperando, meu amigo, que volveses do Gran Sol
pola ponte pasan coches, planeadoras polo mar
peaxe e contrabando, o amor non paga arancel
Ti non fuches ao Gran Sol
contrabando contra o sol
de batea o teu querer
contrabando o teu amor
Sentada non vou quedar, non vou mirar para atrás
pola ponte pasan coches, non son estatuas de sal
contrabando o que ti fas, ti non pescas no Gran Sol
mellor foi así que no Pérsico naufragar.

ANTÓN REIXA: *viva galicia beibe* (1994)

(Este poema de Reixa foi composto para o disco *Ondas do mar de Vigo* (1989), de
Na Lúa).